

Xavier Queipo

XAVIER QUEIPO (Santiago de Compostela, 1957). Licenciado en Bioloxía e escritor. Comezou a súa carreira literaria no eido da narrativa breve con *Ártico e outros mares* (1990, Premio da Crítica Española), que foi traducido ao portugués; un camiño que continuou con *Ringside* (Sotelo Blanco, 1993), onde se inclúe o conto "Ao poboado Lahu@", que foi traducido ao inglés polo obradoiro de tradución do Seminario de Estudos Galegos da Universidade de Oxford; *Diarios dun Nómada* (Edicións Positivas, 1994); *Contornos: apuntes de filosofía natural* (Edicións Xerais de Galicia, 1995); *Mundiños* (Edicións Xerais de Galicia, 1997); *Manual de Instrucións* (Edicións Xerais de Galicia, 1999) e *O ladrón de esperma* (Premio Café Dublín 2000). É autor tamén das novelas *O paso do Noroeste* (Sotelo Blanco, 1996, Premio de Narrativa García Barros); *Malaria Sentimental* (Sotelo Blanco, 1999); *Papaventos* (Edicións Xerais de Galicia, 2001). A súa obra narrativa está recollida nas antoloxías *Manual e escolma do relato galego* (1995), *Narradores de cine* (1996) ou *Unha liña no ceo* (1996). Ademais ten participado en volumes colectivos como *Berra liberdade* (1996), *Minirelatos* (2000), ou *Galicia a través do espello* (2000). Na súa faceta como poeta conta no seu haber con títulos como *Nos dominios de Leviatán* (2001) e *Glosarios* (Espiral Maior, 2001). Encargouse tamén das traducións de *O meu criado e mais eu*, de Hervé Guibert (Edicións Xerais de Galicia, 1998, en colaboración con Santiago Lopo); *A viaxe de Baldassare*, de Amin Maalouf (Edicións Xerais de Galicia, 2000, en colaboración con Dolores Torres París); *Tifón*, de Joseph Conrad (pendente de publicación en Sotelo Blanco); *Sempre somos bos demais coas mulleres*, de Raymond Queneau (pendente de publicación en Edicións Positivas). Colabora tamén en xornais, revistas e suplementos literarios como *Alquimia*, *Animal*, *Dorna*, *Grial*, *Luzes de Galicia*, *O Correo das Culturas*, *Revista das Letras* ou *A Nosa Terra*.

263

Autopoética urxente

Din que escribir ten que doer. Non vexo masoquismo en facer o que nos gusta. O masoquismo, se cadra, no noso pequeno país sen Estado, é tentar o ter a escrita como sustento.

Escribir para pasar o rato, coma os peixes cando nadan nun acuario circular.

O ideal do escritor é chegar ó meirande número de lectores. Escribir en linguas minoritarias é, pois, contradictorio. Tarefa de heroes ou de ilusos.

Necesidade de dicir o que se pensa, ou o que se pensa que se pensa. Necesidade de non se sentir vivindo nunha granxa de animais submisos.

Se o traballo dignifica o home ¿Que fai vostede lendo estas notas e avorcallándose na indignidade? Vaia traballar de seguida, colecciona dignidade como quen xunta moedas ou indulxencias plenarias.

Hai unha liña sutil entre a tolemia e a creatividade, se cadra a mesma que existe entre o imaxinario e o real. Os que así pensamos vivimos atormentados. A actitude dos demais é a nosa tormenta.

A illa dos cangrexos violinistas

(Conto que algúns coidarán infantil e outros non tanto)

264

Esta é a historia da illa dos cangrexos violinistas tal e como a contou Antón de Cangas, piloto dunha corveta polos mares do mundo, que naufragou nesas costas e viviu arrodeado de cangrexos durante vinte anos da súa vida ata que, coa axuda de moita paciencia e dunha dorna, puido acadar as praias da Illa de Cuba.

“Hai un cento de anos, nunha illa perdida do Caribe, chea de palmeiras e de cocos, de macarelas e de quenllas, vivían unhas xentes moi tranquilas, da agricultura e da pesca, de recoller ostras e tomar o sol.

Na illa as construcións eran de madeira, con teitos de folla de coqueiro, e sustentadas nunhas pilastras moi sólidas por mor de asentadas para soportar as fortes chuvias que, cada ano, chegaban cos monzóns. Nunha daquelas casas vivía Moi, unha rapaza duns nove anos, moi espelida e faladora.

Moi case non tiña xoguetes nin amigos. Na aldea eran só oito familias e non había nenos da súa idade. Por iso, e por que os seus pais traballaban arreo, Moi pasaba a meirande parte do tempo xogando ela soa.

O seu pai saía pola mañá cedo nunha canoa a pescar pargos e maragotas, xurelos e espetóns. Mentres, a nai cultivaba a horta da casa onde se daban millo

e mandioca, iuca e malanga. Era un reparto do traballo típico da illa, onde os homes se dedicaban á pesca e as mulleres á labranza.

Un día no que estaba xogando baixo as pilastras da casa, Moi descubriu algo que chamou a súa atención. Era un oco arredondado, que non estaba alí no día anterior. Achegouse de vagar non fora ser que de alí saíra unha cobra ou un lagarto, ós que tanto medo lles tiña. Con curiosidade e precaución, comezou a escaravellar cun pao no interior da cavidade por ver se algún animalíño asomaba desde o interior. Non tivo sorte. Conseguiu chegar ata ben fondo, pero por ben que remexeu co pausiño non houbo criatura que dera sinais de vida.

Repetiu a manobra varios días seguidos, pero con tan pouco éxito que, logo dalgúns outros intentos, decidiu deixar o empeño, aborrecida e algo desanimada. Entre tanto, o número de buracos arredor das pilastras aumentou e ó que no primeiro había un único orificio agora xa se distinguían seis ou sete.

Unha noite, coma sempre na estación das chuvias, Moi e os seus pais, cansos polo traballo e polo boureo da xornada, descansaban a carón da fiestra, contándose contos e vendo como chovía sen descanso. Nunha desas, un lóstrego rachou a escuridade da noite iluminándoo todo. Daquela Moi dou un chouto e dixo:

-¡Que medo! ¿Que son?

O pai de Moi, Non, riu polo baixo pero non querendo ofender á súa filla, que tan grande susto levara, díxolle:

-Eses son cangrexos violinistas. Viven aí embaixo. Nuns tobos que fan na area.

-¿E como é que nunca os vin?, preguntou Moi, algo estrañada.

-Polo día, como vai calor, están agochados baixo terra e só na noite saen a comer. Ademais, hai anos onde abundan máis que outros, como lle pasa ós peixes ou ós paxaros. Este ano hai moitos máis que nunca, por iso foron subindo desde a praia e chegaron a colonizar o poboado.

-¿E que é o que comen eses cangrexos?, preguntou Moi.

–Comen flores: lirios e xeranios, hibiscos e xasmíns.

–¿E como é que teñen esa cor azul uns e laranxa outros? ¿Porque non son como os cangrexos que hai na beiramar, pardos ou averdados?

–Moi simple Moi, dixo o pai reflexivamente. A cor danlla as tintas dos hibiscos. Se comen dos hibiscos azuis, son azuis, e se comen dos laranxa, son laranxa. Nesta illa case tódalas matas de hibisco son de flores azuis e poren, os cangrexos violinistas teñen case sempre o cacho azul.

–E logo nós, se soamente comemos iuca, ¿imos quedar brancos de leite como os brancos?, preguntou Moi algo asustada pola posibilidade de perder a súa cor de pel, que tanto lle gustaba.

Os pais de Moi fitáronse por uns instantes, sorprendidos e, ó tempo, orgullosos pola pregunta que fixera a súa filla. Sorriron e foi daquela Nora, a súa nai, quen respondeu.

–Imos, si. Por iso hai que comer de todo, para conservar á nosa cor natural. Os brancos son brancos de seu e os negros son negros por natureza. Nos somos da cor do azafrán e así é a nosa natureza, pero se só comeseamos laranxas, nese caso a nosa pel podería pasar de ser tostada a ser da cor das laranxas.

–Daquela eu quero ser azul como os cangrexos, dixo Moi algo excitada. Vou comezar a comer hibiscos. Desde mañá mesmo.

–Iso non pode ser filla. Na illa non hai alimentos de cor azul. Os cangrexos azuis son azuis porque comen hibiscos azuis, pero ti non podes comer hibiscos azuis. Sentaríante mal no estómago e nos riles. Non pode ser.

Moi semellou quedar satisfeita con aquela explicación ou alomenos así llo pareceu ós seus pais, pois ós cinco minutos daquela charla, Moi estaba durmindo ós seus pés. A súa nai predeu conta dela e levouna ó leito, que non eran senón unhas esteiras de follas secas entrenzadas. Alí quedou Moi, soñando con ser azul, como o ceo e os hibiscos.

Na mañá seguinte, non máis erguer do leito, Moi saíu a recoller flores das matas que había arredor da casa e da horta. Mentres, a súa nai buscouna para tomar o almorzo. O ver que non estaba, chamouna.

–Moi. Moi.

–Si, mamá. Xa vou.

–¿Que fas aí fóra? Ven almorzar.

–Estou recollendo flores.

A nai entrou na casa e non escoitou a resposta de Moi. Moi foi camiñando cara ós ocos que había baixo a casa e, a carón de cadanseu burato, deixou dúas flores de hibisco azul. Quedouse alí, apampada, esperando que asomaran os cangrexos violinistas.

Unha nova chamada da súa nai, xa algo máis imperativa, fixo que saíra correndo escaleiras enriba. A súa nai era moi boa pero non lle gustaba que a fixeran esperar coa mesa posta e a comida preparada. Era moi estricta niso.

Logo de almorzar un pouco máis atrapalladamente do que acostumaba facer, Moi foi investigar nos baixos da casa, por ver se era quen de descubrir os movementos dos cangrexos azuis. Para a súa sorpresa, as flores desaparece-
ran sen deixar rastro.

Nos días a seguir, por mor de non incomodar á súa nai, mudou de táctica e foi procurar as flores logo do almorzo.

Día tras día pasou horas enteiras á espera de ver saír dos seus tobos ós cangrexos violinistas. Sen éxito. Cada día, cansada de esperar subía á cociña a beber un grolo de auga da cabaza ou ía ver como a súa nai traballaba na horta, ou ben acudía a lle facer unha visita ó seu avó, que vivía moi preto. Cando regresaba ó seu punto de observación, sempre era a mesma historia; as flores desaparece-
ran e non había rastro delas. Era un misterio e un misterio dos bos.

Un día, logo de moitos intentos, e cansa xa de tanta espera e de non poder ver os cangrexos saíndo do tobo, foi a preguntarlle ó seu avó Gong, que era o que podía argallar para ter éxito nas súas indagacións.

Gong, que era un dos homes sabios do poboado, díxolle só unha cousa:

–Tès que ter paciencia, miña raíña. Olla para o mar, que coa súa calma infinda fai acougar ó vento. Os cangrexos téñente medo aínda, pero son seres intelixentes e saben que es ti quen lles leva a comida. O que non entenden aínda é porqué lla levas e que é o que queres deles. Teñen medo, coma tódolos seres pequenos diante dos grandes.

Moi quedou terriblemente satisfeita coa explicación que lle dera o seu avó Gong. O que a tratara de “ser grande” foi, sen dúbida, o que máis lle gustou. Daquela, seguindo os consellos do seu avó, cada mañá, sen faltar unha, seguiu recollendo flores para deixalas no chan, do lado dos tobos que había na area.

Un bo día de primavera (alí facía bo todo o ano, pero tamén tiñan calendario) un dos cangrexos azuis asomouse fóra do seu tobo e dirixiuse cara á unha flor de hibisco, que colleu coa súa pinza xigante. Logo, camiñando lateralmente como fan os cangrexos, que nin van para diante nin para atrás, entrou na súa casa subterránea e xa non asomou máis.

No día seguinte, para a súa sorpresa, non ben deixou as flores no chan, chegaron cangrexos violinistas desde tódalas direccións e nun plis-plas recolleron a comida e regresaron ós seus refuxios.

268

Sorprendida polo que acontecera, Moi correu a contarlle ó seu avó Gong, no que tiña depositada a súa máxima confianza.

Des que chegou, acougou e contou a súa historia, o avó agarimoulle o cabelo e díxolle:

–Ai, miña raíña. Xa vexo que finalmente a túa paciencia foi premiada.

–Xa sei avó. Pero dime, ¿Porque onte só saíu un cangrexo a coller a comida e hoxe saíron todos a unha?

–É simple, miña rula. Esta noite, mentres nos durmiamos e soñabamos, os cangrexos faloron entre eles.

–Pero faloron... faloron.

–Falar o que se di falar, coma ti e coma min, non faloron. Os cangrexos,

como moitos outros animais, como os golfinhos e as abellas, como as ras e como as pitas, teñen os seus sistemas para se transmitir mensaxes.

–¿E cal é o sistema dos cangrexos, avó? Eu nunca lles oín dicir nada.

–Eu tampouco. O sistema que usan non o sei, non te vou mentir, pero algún sistema terán. Os avós temos experiencia pero non temos as claves de como funciona todo. Sabemos cousas, pero hai aínda moito por descubrir. Para iso estades os novos, para seguir estudiando e comprender o mundo. Debes quedar á espera e observalos atentamente. Es unha rapaza espelida e xa verás como lles das co tranganillo.

Pasaron os días e repetíase sempre a mesma manobra. Logo do almorzo Moi baixaba a recoller flores, deixábaas no chan e quedaba á espera. Os cangrexos asomábanse, ollaban para ela como estrañados, saían do tobo, recollían a comida e desaparecían, tan de súpeto como chegaran.

Aborrecida de non ter máis progresos no coñecemento da linguaxe dos cangrexos, Moi mudou de táctica. En troques de quedar apampada esperando ver saír ós cangrexos violinistas, decidiu agocharse detrás dunha sebe, para observalos sen ser vista. Foi así como soubo que os cangrexos “falaban” entre eles como dixera o avó, e o seu xeito de “falar” non era pola voz, senón por un sistema de movementos alternativos das pinzas. A pinza máis grande, que lles protexía a fronte toda e pola que recibiran o nome de violinistas, rozaban coa pequena emitindo un ruído que recordaba en algo ó do arco do violín cando rasca unha corda.

A partir daquel primeiro descubrimento, Moi foi rexistrando as diversas posicións das pinzas, querendo deducir o que, por forza, tiñan que ser mensaxes simples, pero, por moitas voltas que lle deu, non foi quen de dar coa significación da “fala” dos cangrexos violinistas.

Pasou o tempo e Moi non avanzaba nin unha chisca na interpretación da linguaxe dos cangrexos –que seguía considerando secreta– e o único que conseguira, polo momento, fora que se achegaran e que viñeran comer da súa man. Isto fíxoa moi popular entre os poucos rapaces que había na aldea, que vían con certa envexa este achegamento de Moi a uns animais que, para eles, eran esquivos e imposibles de dominar. Pero a satisfacción pola popularidade

non enchía as ansias de Moi. Ela o que quería era descifrar os códigos nos que se entendían os cangrexos.

Un bo día, cando Moi estaba observando os movementos dos cangrexos, estes desapareceron como raios nos seus tobos, sen que houbera un motivo aparente. Xa mesmo, Moi sentiu unha punzada nun nocello. Ollou cara ó chan e veu unha cobra de bandas negras e vermellas fuxindo por entre as matas do xardín. No primeiro non notou máis nada que unha dor intensa no lugar mesmo da picadura, pero xa logo comezou a sentir náuseas e desvanecese.

Entre tanto, os cangrexos, algo alarmados polo ruído, correron cara á rapaza (Eles non sabían que se chamaba Moi e chamábanlle “Rapaza”). Cando viron que non reaccionaba trabáronlle lenemente coas pinzas, nos dedos e nas fazulas, nas dedas e nas coxas, por ver se acordaba.

Vendo que non reaccionaba, intercambiaron sinais entre eles movendo axitadamente as pinzas. De seguida saíron en todas direccións. En grupos de a tres e a moita velocidade.

270

Nora, estaba recollendo iuca no fondo da horta e non se sorprendeu de ver tres cangrexos azuis. Non era frecuente velos polo día, pero tampouco era a primeira vez que lle acontecía. O que si a sorprendeu foi que os cangrexos viñan cara ela con moita decisión, facendo uns movementos estraños coas súas pinzas, como se dunha danza se tratase. Fixo acenos para espantalos. No primeiro, presas do medo, os cangrexos apartáronse a unha certa distancia, pero logo non fuxiron como adoitaban facer en circunstancias semellantes, e quedaron quietos, expectantes e nerviosos, acenando repetidamente e sen moverse do camiño.

Nora non estivera nunca na súa vida tan preto duns cangrexos violinistas, de natural esquivos e pouco confiados. Daquela pensou en Moi. Algo pasaba con Moi. Intuíuno. Son sentimentos automáticos, que disque teñen as nais.

–Moi... Moi, chamou desesperadamente Nora.

Non houbo resposta. Daquela Nora encamiñouse cara á casa. Os cangrexos violinistas seguían a curta distancia arborando as súas pinzas ergueitas, moi excitados e moi rápidos na súa marcha lateral.

Cando a nai chegou a carón de Moi, viu que tiña os beizos morados e o corpo sacudido de calafríos. Nora asustouse moito e comezou a berrar pedindo axuda mentres levaba en brazos a Moi para deitala no leito.

Non tardou en chegar Gong acompañado doutros dous vellos cos que prendera unha conversa. Todos tres decatáronse de seguida que fora unha cobra a que lle picara a Moi e aínda souberon, analizando o tipo de marcas da ferida que clase de cobra fora a que lle trabara. Daquela saíron da cabana a toda présa para colleitar herbas, e preparar emplastos e infusións que anularan o efecto do veneno que aquela cobra inxectara no sangue de Moi.

Por fortuna para toda a comunidade, os tres vellos eran moi sabios e coñecían ben as plantas da illa. Ós dous días de tratamento Moi xa estaba recuperada e foi quen de deixar o leito e saír da casa a procurar flores de hibisco azul para alimentar os seus amigos, os cangrexos azuis.

Informados do suceso nos seus menores detalles, os vellos da aldea reuníronse para tratar do asunto. Debateron arreo, con argumentos encontrados e moita calma ata que acadaron o consenso ou opinión unánime, que é a forma de goberno daquela xente. A decisión foi clara: a partir daquel momento os cangrexos azuis estarían protexidos na illa e ninguén podería cazalos nin molestalos.”

Tamén conta Antón de Cangas, que viviu entre os habitantes da illa logo do seu naufraxio, que aquelas xentes declaran con orgullo que, se ben é certo que viven nunha cangrexeira, os cangrexos azuis coidan e protexen os seus nenos e non lle fan mal a ninguén.

Non vos preocupedes se non atopades nos mapas a illa dos cangrexos violinistas. O seu chan está tan inzado de hibiscos e de cangrexos azuis que dende o aire non se distingue ben da auga que a arrodea e pasa desapercibida aínda para os máis afamados xeógrafos.

Hai quen nega a súa existencia, malia a historia contada e recontada por Antón de Cangas, e mesmo hai quen di que escoitou polos mares caribes a lenda dunha illa azul, que se despraza lateralmente, como os cangrexos.